



**Colección
Meiga Moira**

Miña querida Sherezade

Andrea Maceiras

MIÑA QUERIDA SHEREZADE,

de

Andrea Maceiras

obtivo no ano 2014

o VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil

Meiga Moira convocado por Baía Edicións.

O Xurado estivo composto por

Carlos Paulo Martínez Pereiro,

actuando como Presidente,

Marica Campo, Dores Fernández López,

Belén López Vázquez e Conchi Regueiro.

Miña querida Sherezade

Andrea Maceiras



BAÍA EDICIÓN S



Andrea Maceiras (A Coruña, 1987)

Licenciada en Filoloxía Galega e en Filoloxía Hispánica e escritora de literatura infantil e xuvenil. Con *Proxecto Bolboreta* (Xerais, 2007) gañou o I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. *Violeta tamurana* (Baía, 2010) obtivo o 4.º Premio Meiga Moira. En 2012 publicou *O segredo do lagarto arnal* (Baía, 2012). *Nubes de evolución* (Xerais, 2013) foi finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas literarias 2014. *Volverás golfiño* (Xerais, 2014) quedou finalista do Premio Merlín 2013. Con *Miña querida Sherezade* obtivo o 6.º Premio Meiga Moira.

*Para o meu pai,
que ten os pés na terra
pero comprende
que eu ande sempre nas nubes.*

Nota da autora

Meu querido lector:

Miña querida lectora:

Desde nena vivín fascinada por un antigo libro que hai na casa dos meus avós. Regaloullo á miña avoa unha amiga da infancia e a ela, a súa vez, agasallárallo o seu pai. Estou a falar de As mil e unha noites.

As mil e unha noites é unha compilación de relatos tradicionais orientais. En Europa, o seu equivalente son os contos de fadas que reuniron os irmáns Grimm. Nin os relatos orientais nin os europeos foron, na súa orixe, creados para os nenos. Con frecuencia, os seus valores son diferentes dos da sociedade actual e as súas versións orixinais son máis violentas que as que hoxe en día coñecemos, que están adaptadas para o público infantil.

A narradora das historias de As mil e unha noites é Sherezade. Ela é unha muller intelixente que utiliza o seu enxeño para sobrevivir nun mundo de homes e de marcadas diferenzas sociais. Porén, para min é, sobre todo, a proba de que é posíbel salvarse grazas ás palabras. Precisamente iso é o que fan os personaxes de Miña querida Sherezade e tamén o que eu mesma fago acotío.

Porque, se existe algún acubillo, é a literatura.

Ficha técnica da obra

www.librosdesegundaman.com

Título: As mil e unha noites

Data de publicación: 1908.

Editorial: Casa Editorial Saturnino Calleja.

Lugar de edición: Madrid.

Colección: Biblioteca Perla.

Observacións:

–Edición luxosa.

–Ilustracións. Contén máis de trescentos gravados.

–Destinado a público infantil e xuvenil.

Estado do exemplar:

–Moi deteriorado. Papel amarelo.

–Cuberta estragada.

–Follas descosidas e esgazadas.

–Faltan as últimas vinte páxinas.

–Contén marcas de propietarios anteriores: nome dos propietarios e ex libris.

–Os gravados están pintados e aparecen letras rodeadas.

Prezo por determinar coa librería provedora.

Dentro de min vive un ser doutro mundo.

Chámase Sherezade e é moi fermosa. Os seus ollos son escuros e profundos como o chocolate quente e, ao camiñar, fai música coas pulseiras dos seus nocellos. Ela é a miña alma. Cando paso as miñas páxinas moi rápido provoco unha brisa lixeira que sacode a súa longa melena negra como unha bandada de merlos asustados.

Ela faime feliz.

Sherezade casa cun rei malvado que mata todas as súas mulleres na noite da voda. Pero Sherezade non só é guapa, senón tamén moi intelixente e idea un plan para salvarse. A mesma noite que casa co rei, cóntalle unha historia. Cando o relato está no máis interesante, Sherezade para de falar dicindo que está demasiado cansa e que, se o rei o permite, continuará ao día seguinte. O monarca, levado pola curiosidade, consente que ela viva un día máis para coñecer o final do conto. Ao día seguinte, Sherezade acaba a historia anterior e comeza inmediatamente unha nova para despois deixala inacabada, outra vez no momento de maior emoción. Sherezade fai isto mesmo cada vez que escurece e así logra salvarse mil e unha noites.

Precisamente ese é o meu título: *As mil e unha noites*.

Este non é o final

Maña querida Sherezade, eu sei que pensas que este é o noso final.

Levamos xuntos un centenar de anos e ti es demasiado intelixente para que eu poida enganarte: ben sabes que estou demasiado vello. Por iso, nos últimos tempos, decidiches esconderte nalgún lugar das miñas páxinas que eu mesmo descoñezo. Non queres ver como imos morrendo lentamente, abandonados aquí, neste estante metálico do almacén dunha librería de segunda man. Vai moito frío e estamos lonxe de todos os que algunha vez nos quixeron. Ti pensas que todo está perdido e estás triste. Eu tamén sinto unha dor profunda, pero non debo demostrala. Os libros vellos coma min non podemos chorar porque ao facelo amarelecemos as nosas páxinas.

Por iso xa non sei que facer. Estraño moito a túa voz narrando esas maravillosas historias que tan ben coñeces. Miña querida Sherezade, pasamos tanto tempo xuntos e vivimos tantas aventuras que non podo crer que vaias renderte agora. A túa ausencia atrávesame por enteiro: desde as capas ata o corazón.

A última vez que te vin dixéchesme:

—Meu querido amigo, estou xa moi cansa. Hai demasiado tempo que ninguén le as miñas historias e iso estame roubando aos poucos a vida.

—Non penses así —respondín eu—. Un día destes un lector abrirá as miñas páxinas e todo volverá ser como antes.

—Non, iso xa non vai pasar. E ti xa sabes o que lles ocorre aos libros que ninguén le. Este é o final.

Nada máis dicir esas palabras, desapareciches.

Eu ben sei o que lle espera a un libro non lido: a morte. Os libros precisamos que alguén nos lea para poder vivir. Cando un lector abre o meu corpo de papel provoca unha revolución dentro do meu ser. Os personaxes que vagaban libres entre as páxinas regresan aos seus postos; os palacios e os xardíns recobran o seu esplendor. Relocen as xoias cos seus brillos dourados; échense de auga os estanques; envólvense e desenvólvense os turbantes, as alfombras persas, as sedas e os tafetás. Despéxase o ceo e cae a noite estrelada co último suspiro do xasmín. Nun instante todo está listo para que o espectáculo comece de novo, cada vez diferente e cheo de sorpresas. Porque as historias dos libros son tan infinitas como os seus lectores.

Ah, ser un libro é marabilloso!

Agás cando chega a vellez. Entón decátaste de que estás feito un farrapo: as túas follas vanse descosendo e

xa ninguén quere lerte. Os personaxes que viven dentro de ti danche as costas porque non podes ofrecerlles a vida que eles queren. E caes enfermo. Ti, que tiveches a maxia máis poderosa de todas, agora non es máis que un trebello inútil. Tes tanta febre que súas tinta. Esborráchaste. E sentes a morte moi preto.

Eu sei que non quero morrer así. Por iso levo algún tempo cavilando un plan para recuperararte, Sherezade. Ti es a miña alma. Quero que volvas bailar pisando o bordo redondo das miñas letras cos teus pés descalzos. Ti levas anos contando historias: deixa que agora sexa eu o que se ocupe diso. Vou lembrarche o feliz que foi a nosa vida. Sei que non son máis que un libro desfeito e nunca recobrarei o meu pasado esplendor. Pero teño aínda moitas gañas de vivir e, polo menos, unha historia máis que contar.

Concédeme unha última oportunidade.

Nacemento

Miña querida Sherezade, lémbreste da editorial?

Iso foi ao comezo das nosas vidas. Era o 8 de novembro de 1908 e eu acababa de nacer precisamente alí, na Casa Editorial de Saturnino Calleja. O ceo estaba escuro e debía de chover moito aquela tarde en Madrid porque todos os traballadores, que volvían do descanso do mediodía, traían os zapatos mollados.

A editorial de Saturnino Calleja era un edificio grande e bonito, algo serio pero moi acorde cos gustos da época. Saturnino trasladara o seu negocio a aquela fermosa casa algúns anos atrás, despois de que o seu anterior local se lle quedara pequeno debido ao éxito dos seus libros. El era un home especial: tiña moito talento e unha gran paixón polo seu traballo. Pasaba moitas horas no seu despacho, sentado detrás dunha mesa grande de madeira escura, e encargábase de todo: desde comprar o papel ás fabricas ata contactar cos obradoiros que facían as cubertas dos seus libros, como o do seu irmán, Luís Calleja.

A editorial de Saturnino recendía sempre a tinta fresca e funcionaba coa precisión dun reloxo suízo. As máquinas de impresión traballaban a un ritmo constante estampando letras, cortando páxinas e fabricando a alma dos libros, que saían de alí espidos, coas follas soltas, para logo ser cosidos e vestidos con capas de cartón ou de tea nos obradoiros de encadernación. Para as ilustracións empregábase a técnica do gravado, que consistía en tallar os debuxos en pranchas de madeira que despois se mollaban en tinta e se prensaban sobre o papel. Eran sistemas moi antigos e laboriosos comparados coas tecnoloxías que existen hoxe en día, pero eu tiña a sensación de estar contemplando pequenos milagres.

Como o negocio tiña moita demanda todos os empregados andaban moi atarefados, vestidos coas súas batas azuis e en constante movemento. Eu era un libro acabado de nacer, con toda unha vida por diante, e agardaba nunha caixa de cartón xunto a outros irmáns, á expectativa. Gustábame aquel ambiente de traballo e actividade incesante que se respiraba no obradoiro. Observaba con atención os tórculos que facían xirar o papel, as prensas onde se estampaban os gravados e os traballadores que carrexaban caixas dun lado para outro. Ninguén parecía reparar na miña presenza, mais eu sentíame feliz.

Foi o propio Saturnino, que procuraba visitar a sala de máquinas sempre que podía, quen meteu a man

na caixa e, nunha casualidade afortunada, colleume a min de entre todos os demais.

—Estes son os novos exemplares da Colección Perla? —preguntou a un dos operarios.

Un rapaz achegouse para examíname.

—Si, don Saturnino, acabadiños de saír do prelo. Penso que non han defraudar a ninguén: son tal e como vostede os deseñou. Unha edición coidada, con gravados fermosísimos e unha encadernación de luxo. Son algo especial.

Saturnino, que daquela era un home xa entrado en anos, con barba branca e traxe escuro, axustou as lentes para observarme mellor e pasou algunhas das miñas páxinas. Eu sentíame emocionado nas mans daquel home que para min era como un deus.

—É un bo traballo —afirmou satisfeito.

—Si, señor. Ademais a letra é moi clara, especialmente pensada para que poidan lela os nenos sen ningunha dificultade, como vostede dixo.

Saturnino sorriu.

—Si, iso é o mellor de todo. O importante son os nenos, non podemos esquecerlo. Eles son o futuro.

—Por suposto, don Saturnino. De feito mañá mesmo teremos lista a nova tirada dos contos da colección económica...

Alguén reclamou a atención do editor noutra parte e eu quedei en mans do empregado, algo triste por

non poder pasar máis tempo co responsábel da miña creación.

—Que corazón tan grande ten don Saturnino! —murmurou o mozo mentres me pousaba novamente na caixa.

Era difícil que os traballadores falasen de Saturnino sen gabar a súa xenerosidade. O persoal da editorial era como unha gran familia e todos querían moito ao vello editor. Ninguén fixera antes nada parecido: publicacións pensadas para os nenos. A editorial de Saturnino publicaba libros de contos de gran calidade a baixo prezo, e tamén moito material escolar: enciclopedias, libros de historia, gramática, xeografía...

Moitos dos libreiros viñan á editorial recoller os seus pedidos en persoa e el sempre encontraba un momento para saudalos. Coñecía os nomes de todos, empregados e clientes, preocupábase pola súa saúde e preguntaba polas súas familias.

Lembro o día no que saín da editorial, noutra caixa, para non regresar nunca máis a aquel lugar.

—Este home merece un monumento —dixera o libreiro que me recollera a un dos traballadores, xusto antes de marchar—. Disque mesmo regala libros aos mestres das escolas!

—Si, si que o fai. Contan que estudou uns anos de maxisterio e que nunca esqueceu a pobreza e a miseria dos colexios. Cantos nenos aprenderían a ler grazas a el!

Ninguén se interesara antes en publicar libros infantís e mire que éxito teñen!

Eu, que estaba algo tristeiro por ter que deixar aquela fábrica de soños, alegreime ao pensar no afortunado que fora por nacer nun lugar así. A editorial Calleja tiña moita fama e prestixio naquela época. Por iso o libreiro que me comprara, nada máis chegar á librería, colocoume coidadosamente no lugar máis vistoso do escaparate. Eu era un libro novo e moi agraciado naquel tempo e sentíame cómodo alí, atraendo as miradas de todos os transeúntes. A miña capa tiña unha ilustración moi prometedor: nela había debuxada unha estrela de seis puntas e, no seu interior, un xenio que voaba, vestido cunha túnica e rodeado por unha bandada de morcegos. O título estaba escrito en letras douradas na parte de arriba: *As mil e unha noites*.

—Mira, mamá! Mira que bonito!

Os nenos sinalábanme co dedo desde o outro lado do cristal. Non era estraño: os libros de Calleja entusiasmaban aos máis pequenos e como o seu prezo era moi barato, eles corrían ás librerías cando acababan as clases para comprar un conto novo coa mesma ilusión que se fose un xoguete ou un caramelo. Porén, eu era unha edición luxosa e cara, non estaba ao alcance de todos os petos. Acotío preguntábame cando chegaría o meu comprador e soñaba co momento no que alguén me lera.

Estiven algunhas semanas observando a vida das rúas a través do cristal do escaparate. Madrid era un desfile constante de paraugas escuros e bufandas grises. Os chapéus das señoras voaban coas rachas de vento e os bucles escapaban do seus elaborados moños. Os nenos axustaban as boinas na cabeza e os homes pasaban rápidos, coa cabeza metida entre as solapas do chaquetón.

Un día entrou pola porta da librería un cabaleiro vestido de forma estraña. O primeiro que chamou a miña atención foi o seu sombreiro de panamá e, cando quitou o abrigo, o seu traxe branco, que contrastaba fortemente co clima invernal. O home repasou os estantes da librería cantaruxando unha melodía que despois souben que era unha coñecida habaneira. Gustoume desde o primeiro momento.

Cun acento doce e descoñecido, dirixiuse ao libreiro:

—Bo día. Busco un libro especial para a miña sobriña.

—Vén vostede de moi lonxe, non si? —preguntou o libreiro cun sorriso.

—Da Habana —respondeu o home con outro sorriso, máis franco e máis bonito.

—Pois se fixo unha viaxe tan longa, merece un libro moi bo. Veña comigo, voulle amosar unha obra que esperta admiración de todos os que por aquí pasan.

As mágicas
antigas noites



O libreiro sacoume do meu privilexiado recuncho para poñerme sobre as mans grandes e morenas daquel home.

—*As mil e unha noites* —leu el con certa sorpresa.

—Podo asegurarlle que non hai nada así en todo Madrid. É unha edición única, coidada ata o último detalle. Mire que gravados!

O home asentiu, contento:

—Á miña sobriña vanlle encantar estes debuxos!

—Entón non se fale máis. Deixe que llo envolva, non se vaia estragar con este inverno que temos!

O libreiro envolveume coidadosamente nas follas dun xornal atrasado. Como empregou as páxinas da sección de espectáculos pasei moitos días condenado a ver os anuncios que prometían moitas funcións teatrais e algunha que outra película, pois o cine chegara a Madrid dez anos antes causando furor, malia que os filmes fosen aínda moi lentos e en branco e negro.

Durante as semanas que permanecín envolto percibín moitos movementos e lembro o brusco bambeo dun tren. Cando por fin volvíñ ver a luz, despois de que aquel cabaleiro me desenvolvera coidadosamente, decateime de que estabamos a viaxar nun barco e considerei moi probábel que o noso destino fose a illa de Cuba.

—Imos ver se me entreteño un pouco con este libro... —dixo o meu propietario.

O home que me mercara chamábase Leopoldo de Valdés e axiña descubrín que non lle prestaba demasiado viaxar en barco. Mareábase tanto que apenas podía saír do camarote e ficaba alí, deitado na cama, con panos fríos sobre a fronte e un balde prateado e ricamente tallado no que o coitado de Leopoldo non facía outra cousa que non fose trousar. Cando o mar lle daba un respiro, el aproveitaba para ler un pouco as miñas páxinas.

Estou seguro de que aínda lembrás a aquel home como se fose hoxe, Sherezade. Leopoldo de Valdés foi o noso primeiro lector.